

*C*omo se de repente deras coa picaraña nunha veta de seixo e agorgullara en borbullón un tremo de auga clara, con esa forza que sorprende, que fai tremar a pel nun arreguizo e logo mansamente purifica o teu ánimo e deixa a sensación de paz de algo que tiña que acontecer, así a palabra e máis os silencios, o verso afervoadado e o remanso dese río xa anchuroso que chega á desembocadura, vai X. M. Cairo Antelo desenvolvendo o misterio.

A poesía é esa ferida na que un se comprace o proído que se aviva para sentir desde o fondo e dar-lle á vida e á morte a súa exacta dimensión. Eternidade en lóstregos efémeros. E queda un ronsel sempre impreciso da rota escura dos soños nos que se vai peneirando a realidade, a dor perdida, a saudade vivificante do que deixamos ir a cada intre e que fai o pouso –acaso un elixir– da plenitude e da miseria: vivir ardendo-se a si mesmo; ser tea, ser luz, ser a raíz do canto.

E logo a sombra de Tomás Barros no frontispicio que a min me fai vivir dobremente a mocidade, e ver a súa alma pura a loitar nunha tea de araña, descifrando a cábala, e dando-me a ler a Zaratustra, meu querido Tomás con esas mans xenerosas, sempre atento ao bruido dos astros.

Tamén eu desde aquí, con Cairo Antelo, rindo a miña homenaxe, e sei que está ollando por riba dos óculos facendo esa pregunta que non ten resposta. ¿Ou si?

O certo é que aquí está o poeta co seu esplendor a fustigar-nos.

Agardabamos a súa voz. E imos bebendo, manseliño o borbullón da fonte...

Outra vez máis é Noia desde o fondo.

ANTÓN AVILÉS

